



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, MARTES 7 DE XANEIRO DE 2020 -

No día de hoxe, ás 20:05 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:

Miguel Angel Vallo Camba

M^a del Carmen Fuentes Rios

M^a del Carmen Torreiro González

Manuel Rodríguez Santos

Aurora Varela Duro

Rafael Rivadulla Varela

Cristina Castro Pampín

Jesús Gómez Camino

Xoan Xesús Carril Ramos

Lucia López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

AUSENCIAS:Ningunha

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

INTERVENTORA: Non asistiu

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Punto 1º) **APROBACIÓN , SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES**

De conformidade co preceptuado no artigo 21 do R.O.F. o presidente pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesión realizadas en data 8 de novembro, 27 de novembro e 16 de decembro de 2019.

Con respecto a acta de 08/11/2019:

- Indica a secretaria que falta no primeiro punto de dita acta a aprobación da acta de 18/10/2019 a cal non consta, e fora aprobada por unanimidade.

-A concelleira do BNG , Lucia López Sobrado indica con respecto a dita acta do día 08/11/2019 quere comentar que na páxina 22 da mesma, a exposición que realizou en resposta a intervención do Sr. Rivadulla Varela (do PP) sobre a ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización edificios municipais a cal recolle no seu artigo 2 “Se cobrará cando as actividades realizadas impliquen o acceso de 3ª persoas o local ou instalación cedido mediante contraprestación de natureza pecuniaria”.

Na redacción da acta non se especifica esa relación co cobro, polo que pensa que queda inconcluso, polo tanto solicita que se realice esa pequena rectificación, cre que o fundamentou en base a que o cobro se realizaría de acordo con ese artigo e citara en concreto esa parte do artigo.

Indica a secretaria que non se opón a que conste o exposto en rectificación

Quedando aprobadas ditas actas por unanimidade.

Punto 2º) **PROPOSICIÓN CAMBIO DE PARADA DE TAXI.**

O alcalde para tratar este punto indica que deixara a presidencia en mans do primeiro tenente de alcalde Miguel Angel Castro Vallo, dándose causa de abstención o artigo 23.2.b b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurico do Sector Público.

Con respecto a este punto a secretaria explica:

-Que o día 09/10/2019, Jesus López García presenta un escrito rexistrado co número 2564 no que indica:

“Que é titular da licenza municipal número 15 de autoturismo de clase B con parada na parroquia de Boente, pertencente ao concello de Arzúa e solicita poder exercer na parada de Arzúa”.

-Que o día 30/10/2019 a Xunta de Goberno Local acordou con respecto a dita solicitude:

PRIMEIRO: Informar favorablemente a solicitude do interesado.

SEGUNDO: Ante a falta de regulación municipal solicitar informe as asociacións profesionais representativas do sector do taxi, aos efectos oportunos, previa a autorización do uso da parada en Arzúa.

-Que comunicouse este acordo á Asociación Local de Auto-taxis (recibido segundo acuse de recibo o día 22/11/2019), a Unión Provincial de Autotaxis de A Coruña (recibido segundo acuse de recibo o 2/12/2019) e a Asociación Provincial de Empresarios del taxi (recibido segundo acuse de recibo o día 22/11/2019), para emitisen un informe.

- A Asociación Local de Auto-Taxis de La Coruña, emite o seguinte informe o día 23/11/2019 :

1º.- Ningún taxista del concello de Arzúa se encuentra asociado a esta entidad (Asociación Local de Autotaxis de A Coruña), pues como su denominación indica, es de ámbito local (termino municipal de A Coruña)

2º.- Si es cierto, que la mayoría de los taxistas de Arzúa se encuentran asociados a la entidad Unión Provincial de Autotaxis de A Coruña, que tiene el mismo domicilio social que esta asociación local, pero que sus directivos son personas distintas, por lo que, esta asociación no se puede emitir informe en nombre de la citada Unión Provincial.

3º.- Con el objeto de emitir el informe solicitado, les ruego dirijan nuevamente su escrito a esata misma dirección, pero a nombre de la Unión Provincial de Autotaxis de A Coruña.

Lamentamos este contratiempo, pero entenderán la necesidad por nuestra parte de no intervenir en ámbitos de los que no somos parte.

Informamos, de todas formas, a la Junta Directiva de la Unión Provincial del escrito recibido, así como, a los asociados de esta en el concello de Arzúa para que se manifiesten en un sentido u otro de la petición."

-A Asociación Provincial de Autotaxis, emite o seguinte informe con data 19/12/2019:

" Informamos, que no tenemos conocimiento por parte de el resto de los taxistas de Arzúa de disconformidad, y teniendo en cuenta que en esta Asociación solo tenemos como asociado a D. Jesus López García, en lo que se refiere a esta Asociación no encontramos ningún impedimento para dicho cambio.

Corresponde al Ayuntamiento el control de que todas la áreas, zonas o paradas existentes en este Municipio, tenga el servicio necesario para los usuarios"

-O día 7 de xaneiro de 2020 os taxistas da parada de Arzúa presentan no rexistro xeral do concello:

* O informe da Unión provincial de Auto-Taxis de La Coruña , no cal consta o seguinte:

" En contestación a su escrito de fecha 28-11-2019, en el cual se nos solicita informe sobre el cambio de la parada de la licencia de taxi número 15 del Concello de Arzúa, solicitado por su titular D. Jesús López García, por medio del presente manifestamos lo siguiente:

1º En la actualidad existen 14 licencias de taxi en el concello de Arzúa, de las cuales, 11 tienen asignada su parada en la capital del municipio y tres en otras tantas parroquias.

2º La licencia de taxi nº 15, está asignada a la parroquia de Boente, al igual que existen otras dos licencias de taxi que están asignadas a otras tantas parroquias del concello.

3º El cambio de parada de una licencia, de una parroquia a otra, conllevaría la pérdida de la calidad del Servicio para la que en su día se creó, sobre todo, cuando no se justifican los motivos por los cuales se solicita dicho cambio de ubicación.

4º.- Consultado a nuestros asociados y titulares de las licencias de taxi del concello de Arzúa, su parecer sobre dicho cambio, estos nos manifiestan su total desacuerdo al considerar que dicha solicitud de cambio se debe única y exclusivamente a motivos comerciales, pues su titular actual se encuntra próximo a su

jubilación y su intención será el vender dicha licencia de taxi y su correspondiente autorización. Consecuentemente, si la parada está ubicada en la capital del concello, tendrá más valor, pero en ningún caso se solicita cambio de ubicación para mejora del servicio, pues con las 11 licencias de taxi actuales ubicadas en la capital se atiende perfectamente el servicio, prueba de ello es que no existen quejas de los usuarios al respecto.

Por todo ello, nuestro informe es desfavorable al cambio de ubicación de la parada que el taxi nº 15 tiene autorizada en la parroquia de Boente”

***O seguinte escrito asinado por oito taxistas da parada de Arzúa, cuxo contido é o seguinte:**

“ Reunidos a fecha de hoy los taxis con parada en Arzúa exponen su contrariedad a los siguientes hechos: La propuesta dle concello de Arzúa toma la decisión unilateralmente del cambio de la licencia 15 a nombre de Don Jesús López García, con parada fija en Boente de abaixo desde el 6 de noviembre de 1991 a la parada de Arzúa. Esta propuesta la hace sin previa consulta con los taxistas de la parada de Arzúa y sin tener en cuenta al número de taxis que son en la parada respecto a la población y los problemas de trabajo que estos tienen.

El titular de la licencia nº 15 Don Jesús López García que solicita el cambio de dicha licencia, no lo hace para trabajarla, puesto que está a punto de jubilarse y su propósito no es otro que el de aumentar el precio de venta de dicha licencia que fue creada expresamente para trabajar en la parroquia de Boente de abaixo y otorgada a coste cero”

Deseguido realizanse as seguintes intervencións:

***Do Sr. García Vázquez (de CxG) para manifestar:**

- Que a documentación aportada parécelle insuficiente, xa que faltan informes como o de consumo e o do consello galego de transporte, os cales deberían estar.

- Que na Xunta de Goberno Local non se matizou este asunto, pasou moi por encima, porque a parte dos informes que faltan, sería ben agregar un proxecto a este servizo público, que cre que entra na área de turismo, a Lei de 2013 que regula este sector indica no artigo 23 que debe haber unha formación continua a este sector. E non hai ningún proxecto, como o sitio que usan os taxistas..etc.

-Que é un servizo moi vinculado a día de hoxe o turismo, non é como nos anos 80 e 90 que as prazas de taxi facían unha función local e a Xunta de Goberno Local pasou esto moi por encima.

***Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar, que non pon en dúbida a legalidade da solicitude, pero tendo en conta as actividades que se levaron a cabo nos últimos días en concreto o informe que chegou no día de hoxe, sería importante regular todo este asunto.**

***Do Sr. Carril Ramos (do BNG) para manifestar:**

- Que en primeiro lugar quere darlle as grazas a radio arzúa pola retransmisión do 1º pleno desta lexislatura.

-Que van votar en contra desta proposta, dado que no concello de Arzúa non hai unha ordenanza municipal reguladora e case pode garantir que non a van ter durante esta lexislatura.

-Que hai que remitirse ao expediente que se aportou na Xunta de Goberno Local que é o

expediente que se trae hoxe ao Pleno. No artigo 42 das facultades dos concellos do decreto 103/2018 di que previo informe das asociacións profesionais representativas do sector e das organización das persoas usuarias e consumidoras representativas no seu territorio poderán establecer: lugares de paradas, vehículos concretos, número máximo de vehículos que poden concurrir en cada parada, a forma en que deben estacionar e a orde de tomar as persoas.

No punto 3 di que “Los ayuntamientos poderán establecer en sus ordenanzas reglas de organización y coordinación del servicio en materia de horarios, calendarios, descansos, insterrupciones de la prestación del servicio y vacaciones laborales...etc”

En ningún apartado se di que se poida cambiar a titularidade dunha praza dun lugar a outro, e di tamén “ Las disposiciones que se adopten en esta materia deberán garantizar la continuidad de la prestación del servicio”, cousa que non se compriría de haber este cambio.

No segundo punto indica “Ante la falta de regulación municipal solicitar informe a las asociaciones representativas del sector y de los usuarios”

- Que vistos os informes que solicitou o concello e un pouco estrano solicitar un informe a Asociación local de Autotaxi da Coruña que ten ámbito local, iso non serve para nada, menos mal que non se solicitou o Concello de Melide porque estarían a favor dada a proximidade. Pero nese informe indican que se remita a Unión Provincial de Autotaxi de Coruña que ten a mesma dirección, e solicítase ese informe , que paradoxas da vida só ten un asociado e é a persoa interesada no cambio.

-Que hoxe por aportación dos taxistas chega o informe da Unión Provincial de Autotaxis da Coruña, que non estaba no expediente do Pleno, polo que non sabemos se o Concello solicitou o informe ese e tamén un escrito dos taxistas. Ese informe que se engadiu hoxe ao expediente consta entre outras cousas:

- 1º En la actualidad existen 14 licencias de taxi en el concello de Arzúa, de las cuales, 11 tienen asignada su parada en la capital del municipio y tres en otras tantas parroquias.
- 2º La licencia de taxi nº 15, está asignada a la parroquia de Boente, al igual que existen otras dos licencias de taxi que están asignadas a otras tantas parroquias del concello.
- 3º El cambio de parada de una licencia, de una parroquia a otra, conllevaría la pérdida de la calidad del Servicio para la que en su día se creó, sobre todo, cuando no se justifican los motivos por los cuales se solicita dicho cambio de ubicación.
- 4º.- Consultado a nuestros asociados y titulares de las licencias de taxi del concello de Arzúa, su parecer sobre dicho cambio, estos nos manifiestan su total desacuerdo al considerar que dicha solicitud de cambio se debe única y exclusivamente a motivos comerciales, pues su titular actual se encuentra próximo a su jubilación y su intención será el vender dicha licencia de taxi y su correspondiente autorización. Consecuentemente, si la parada está ubicada en la capital del concello, tendrá más valor, pero en ningún caso se solicita cambio de ubicación para mejora del servicio, pues con las 11 licencias de taxi actuales ubicadas en la capital se atiende perfectamente el servicio, prueba de ello es que no existen quejas de los usuarios al respecto.

Por todo ello, nuestro informe es desfavorable al cambio de ubicación de la parada que el taxi nº 15 tiene autorizada en la parroquia de Boente”

- Que este e o primeiro punto polo que non estaríamos a favor deste cambio

- Segundo motivo ¿Por qué non se pediron os informes ao OCU? Que a pesar de non ter

sede en Arzúa teñen moitos asociados, porque non se pediu informe a Asociación de vecinos de Boente?, que é unha asociación que se pode sentir afectada se lle sacan o servizo de taxi da súa parroquia, porque non se pediu informe a AECA?, porque non se consultou cos propios interesados ?, para saber que opinaban.

- Terceiro motivo, Boente é un núcleo importante, está moi preto de Melide, ten moita vinculación con Melide como saben algúns membros dos noso goberno e por proximidade hai moita xente que viaxa a Melide para ir de comprar ou o que sexa polo que entendemos que é importante contar cun servizo de taxi. Ten unha poboación de idade avanzada como gran parte do Concello de Arzúa e esa xente non está en condicións de conducir, polo que entenden que é necesario que teñan esa servizo a súa disposición; está no camiño de Santiago nunha zona que hai bastantes albergues de peregrinos; este taxi ata agora tivo bastante traballo e non entende que é o que o leva a pedir o cambio de parada despois de 29 anos traballando en dita parada, ¿Por qué os vecinos de Boente teñen que perder ese servizo?

- Que fai outra pregunta se en vez de ser o taxi, se os vecinos de Viñós piden que lles pasase por alí o Freire e que saía polo concello de Santiso e deixe de pasar por Boente, os vecinos de Boente estarían de acordo?

- Que pasaría cos demais taxistas das parroquias, entende que se esta parada de taxi se cambia de Boente para Arzúa, os taxistas que teñen parada nas parroquias, cre que ningunha se está usando, teñen o mesmo dereito para cambiar de parada para Arzúa.

- Que se en Arzúa temos o dobre de ratio de taxistas do que recomenda a lei, con estes cambios pasaríamos moi por encima.

* Do Sr. Rivadulla Varela (do PP) para manifestar:

- Que non sabe a que concelleiro se ten que dirixir con respecto a este tema xa que non sabe que area o leva.

- Que están esperando polos orzamentos para este ano, que xa sabemos que van levar un retraso.

- Que a convocatoria do pleno que temos agora a volta de nadal, contempla dous puntos, que el saiba a dacción de conta de decretos non ten limitación temporal, a aprobación de actas tampouco o único punto polo que se fai o pleno e pola aprobación da parada de taxi, senón que me corrixa a secretaria.

Responde a secretaria, que as sesións plenarias ordinarias, por razón de control e fiscalización por parte da oposición ao grupo de goberno deben celebrarse.

Prosigue coa súa exposición o Sr. Ribadulla Varela, indicando:

- Que logo o que está mal é a data de celebración porque o último xoves de decembro non é precisamente o 7 de xaneiro.

- Que no tema do taxi, cre que hai unha confusión sobre o fondo do asunto, ou o seu grupo interpreta mal a normativa, cre que hai un erro no fondo do asunto que pode levar a anulación deste punto ou ben a outro tipo de decisión.

- Que non sabe o por qué de tanta tardanza nesta proposta, xa que é unha petición que o

interesado leva tempo facendo ao Concello de maneira extraoficial, presenta unha petición por rexistro no mes de outubro e meses mais tarde estamos cunha decisión que intenta recaer sobre os concelleiros que aquí estamos e non sobre unha ordenanza municipal que se tiña que ter aprobado, que sería fácil a aprobación, porque hai asociacións provinciais como neste caso que teñen mais ou menos un modelo tipo para este tipo de ordenanzas que poden facilitar e traela ao pleno, entende que habería que debater entre o Concello e o sector aspectos como: sancións, obrigas, dereitos profesionais como para usuarios. Dita ordenanza poderíase levar a Comisión informativa e traela o Pleno e non se fixo, e o alcalde pretende que tomemos nos esta decisión.

-Que evidentemente a incorporación dun novo documento con data de hoxe, aínda que sexa durante o Pleno, pode facer que se solicite a retirada do expediente. Non sabe se a asociación lle comunicara ese informe o Concello, se é algo que quedou esquecido porque estaban en festas, pero non recolleron esa documentación porque nesa documentación si hai un acuse de recibo que asinaron, se informaron antes ou non, non o sabemos, e igualmente é un documento que se pode aportar neste momento e tomar unha decisión que poida levar novamente a un pleno ou non.

- Que cre que hai unha falta de interese en amañar isto e ponerse de acordo co sector, polo que nos comentaron no sector é algo que non é novo para o alcalde porque xa é algo que se lle comunicara hai tempo, pero a toma de decisión como sempre é algo que non sabe se é por cuestión administrativas ou falta de decisión, e algo que se tiña que abordar, non tiña que depender dos concelleiros, o que son as ordenanzas municipais para a explotación dun taxi recollen mil e unha historias que non son competencia do Pleno, como por exemplo o caso dunha persoa que quere utilizar un taxi doutra cor e ante a falta de ordenanza municipal se traía o pleno.

- Que lendo a orde do día do pleno proposición cambio parada taxi, entende que o que se pretende é cambiar unha para de taxi por outra, porén na documentación do pleno a solicitude presentada polo interesado o día 9 de outubro de 2019, solicita poder exercer na parada de Arzúa. Querer exercer na parada de Arzúa e cambiar a parada de taxi son conceptos totalmente diferentes. O que é o cambio de parada de taxi require duns informes sectorial non só da organización do taxi, senón da asociación provincial de consumidores e usuarios o cal non se solicitou.

-Que como unha persoa cunha licenza de taxi pode empregar ou non unha parada é outra cousa diferente, ten que vir recollido nunha ordenanza municipal que non hai, pero os cambios de parada son unha cousa diferente, pero tal como aparece o punto na orde do día cre que o que pide o solicitante non é iso, se fora así deixaría de seguir en vigor esa parada de taxi. A día de hoxe non hai un listado de paradas de taxi autorizadas, ven de moi vello de anos que a normativa era completamente diferente, esta licenza que é do ano 71, condeuse por unha normativa do ano 64, e concedíanse as licenzas en base a unha parada.

-Que a día de hoxe ca normativa que hai, as licenzas que teñen os taxistas de Arzúa habilitaos para exercer nas paradas que eles queiran, sempre que o concello habilite esas paradas cunhas normas de uso.

-Que tal como el entende esta persoa o que pretende é poder exercer na parada de

Arzúa, pero non facer a eliminación dunha parada para cambiar a outra xa existente .

-Que este tema que estamos debatindo e unha cuestión que ten que ser recollida nunha ordenanza municipal que non hai, quen pode utilizar esa parada e cal é o fondo do asunto, se non é ese o fondo do asunto a votación deste asunto non ten sentido. Se temos que decidir sobre a forma de uso desas paradas xa é outra historia, non é un cambio de parada e como tal non se debería solicitar informe a ningunha asociación.

-Que a normativa cambiou, esa licenza era do ano 71 e se concedía seguinte a Orde de 4 de novembro de 1964 pola cal se aproba o Regulamento Nacional dos servizos urbanos de transportes en automóbiles lixeiros, é despois a normativa do Real Decreto 763/19790 de 16 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento dos servizos urbanos, interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros, esa normativa xa non está en vigor, agora esta en vigor a Lei 4/2013 que despois se desenvolveu co decreto 103/2018.

-No certificado da licenza que se concedeu no ano 71 indica que a Comisión permanente deste concello acordou conceder licenza para taxi con para fixa en Boente de Abaixo, a favor do veciño Rafael López Agra, en outros certificados do ano 2015 e 2017, xa non se fai mención neles a unha parada fixa, polo que entende que coa normativa actual non hai tal vinculación entre licenzas e paradas. Calquera que teña unha licenza neste concello ten o mesmo dereito que o resto de compañeiros a empregar calquera parada das que estean habilitadas, de acordo cunhas normas de uso e realmente o que hoxe temos que dicir aquí é unha cuestión diferente.

*Intervén a secretaria para explicar, que se consultaron os servizos da Xunta os cales informaron que non hai unha regulación expresa, porque ven dunha normativa anterior, sobre se desapareceu ou non a vinculación ao sitio, pero si é necesario que se adopte un acordo municipal que regule como se van a usar as paradas existentes, porque senón sería un caos.

*O Sr. Rivadulla Varela expón:

-Que entón as licenzas non están vinculadas a unha parada fixa senón o que se acorda no concello, se non hai unha ordenanza municipal e como usan os taxistas esas paradas.

-Que o sector do taxi en Arzúa non está formalizado mediante asociación, e xa non é o primeiro caso que lle din que se acerquen ao Concello e non os axudan na tramitación unha alta ou cambios en asociacións, parecelle lamentable, porque para iso ahi un servizo, tiñase que haber asesorado a esta xente para que constituira unha asociación ou poñer en marcha a que estaba constituída.

-Se hai catorce licenas en Arzúa, este escrito ven asinado por 8 taxistas é xa queda claro de que o sector non está de acordo.

- Non se informou as asociacións de usuarios e consumidores, pero dalle prioridade o que se aportou no día de hoxe.

- Que non temos ningún problema porque alguén veña novo ou faga este tipo de cambios, pero vista a lexislación e a documentación o concello ten que poñerse de acordo co sector e poñer a andar unha ordenanza municipal, que non sería complicada, xa se debería traer o pleno antes a ordenanza e que sexa esa ordenanza a que regule

como se utilizan as paradas de acordo do sector.

2ª ROLDA DE INTERVENCIONS.

Interveñen:

□ O Sr. García Vázquez (de CxG), o cal manifesta:

- Que polo que se comentou ata o de agora, aquí falta que por parte do equipo de goberno (que xa non é novato xa que leva 10 anos gobernando) hai moito traballo que facer, e non traer isto a lixeira a un pleno, a comisión que se reuniu o día 6 non sabe que documentación viu, pero para traer esto a un pleno sen aportar parte da documentación, parece unha acción tomada a lixeira cando é un sector importante, incluso no tema de turismo, xa que este concello a día de hoxe depende moito do turismo e os desprazamentos e servizos públicos de mobilidade estarían moi representados.

□ A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), que indica:

- Que considera moi importante aprobar un regulamento, anular este expediente, un regulamento que xa debería estar feito hai moitos anos, e tenlle gracia a crítica do PP e do BNG despois de tantos anos que estiveron gobernando e en ningún momento aprobaron ningún regulamento.
- Que e moi necesario que entre o Concello e os taxistas se chegue a un acordo para poder facer un regulamento no que se regulen as condicións que están tan desfasadas.
- Que pola súa banda anularía este expediente e empezaría de cero a facer un regulamento participativo.

□ O Sr. Carril Ramos (do BNG) manifesta:

- Que estivo catro ano no goberno como concelleiro de deportes, o goberno que está agora leva nove anos gobernando
- Que o que dixo o concelleiro do Sr. Rivadulla Varela (do PP) parécelle que é quedar ben sen gastar nada, en ningún concello os taxistas van as paradas que lle da a gana.
- Que os concellos que teñen un regulamento farano consensuado cos taxistas e apostaría porque en Arzúa houbera un regulamento ben feito no que se regulara todo
- Que pensa que as paradas cando se adjudican é en base a unha petición e a unha necesidade, o de andar a carreiras e que cada un se poña na parada que lle dea a gana , non é así en ningún sitio.

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indica:

- Que non estaba dicindo que calquera poida utilizar as paradas como lle dea a a gana, loxicamente tne que haber unha ordenanza municipal, consensuada entre o sector e o Concello.
-Que hoxe en día calquera dos taxistas podería utilizar as paradas que están habilitadas, non sabe cales son.
- Que con este novo informe que se presenta hoxe, propón que se faga uso do artigo 92

do Regulamento e organización de réxime xurídico das entidades locais e regulamento organico municipal no artigo 64, que se posibilita que se propoña retrasar este debate por incorporación de nova documentación e se leve a outro novo pleno. E durante este prazo non se pensa sacar unha ordenanza, votamos agora e punto.

*O Sr. Carril Ramos para manifestar que se é como di o Sr. Rivadulla Varela, parece absurdo que este taxista faga este tipo de solicitude, non sería necesaria.

*O Sr. Vallo Camba (BNG) indica:

-Que o BNG dixo que había o dobre de ratio de taxistas e as licenzas deronse bastantes na época do BNG e o PP, as licenzas non son de agora.

-Que o procedemento fíxose seguindo a legalidade, chegou unha solicitude dun taxista, trasladouse a secretaria que pediu informes a varias asociacións, o informe que chegou hoxe xa pon que é contestación ao seu escrito de 28/11/2019, pensa que dende o 28 de novembro tiveron tempo de respostar a esta solicitude, chegou a resposta hoxe pola mañá informando desfavorablemente, o outro informe que había non poñía impedimento ningún, por iso se incluíu este punto na orde do día deste Pleno.

Tras o exposto o Sr. Vallo Camba propón a vista do informe que acaba de chegar que se acorde retirar este punto da orde do día, adoptandose por 12 votos a favor (5 votos (AxA), 3 votos (PP), 1 (CxG) e 1 (CXG)) e 2 abstencións (BNG) o acordo de retirar este punto da orde do día

Tras a votacion deste punto pregunta a Sra. López Sobrado (do BNG) se este asunto vai volver a tratarse en Xunta de Goberno ou como se vai xestionar, porque o solicitante necesitará unha resposta.

Responde o Sr. Vallo Camba que se elaborara un informe pola secretaria.

Incorporándose o Sr. alcalde as 20:46 h. o cal expón:

-Que falta o regulamento de feiras, taxis, regulamento de uso locais sociais..etc, hai un monton de regulamentos para elaborar como venda ambulante, funcionamento do clube de xubilados, se dispuxesen dun exercito de xente estarían todos o día, cre que os partidos políticos que estiveron gobernando Arzúa tamén teñen a súa parte de responsabilidade.

-Que este goberno estivo moi ocupado en sacar contratos de servizos que moitos deles levaban vencidos dende o ano 80, e non é nada fácil, entre outras cousas porque supón unha variación no orzamento e supón un traballo extra para os funcionarios deste Concello, esto pasa cando un só se preocupa de facer só obra e abandona a parte de xestión administrativa do concello.

3) DACION CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros do decretos do alcalde dende o nº 715/2019 de data 5 de novembro de 2019 ata o nº 5/2020 de data 30 de decembro de 2019.

Explica a secretaria que aparecen co nº 2020 cinco decretos, porque secretaría asinou eses decretos o día 2 de xaneiro.

Pregunta o alcalde se en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro, se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Indica a concelleira Sra. López Sobrado (do BNG) que ten unha moción vinculada a instar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a, en colaboración co Concello de Arzúa, fornecer a dotación orzamentaria suficiente para a construción dun Centro de Día para persoas maiores no termo municipal arzuán, así como para o seu equipamento e dotación material de persoa, e explica:

-Que no pasado mes de decembro debateuse no parlamento galego unha emenda do BNG encamiñada a incluír nos orzamentos da Xunta de Galicia para este ano 2020 un total de 200.000 euros para iniciar a construción dun centro de día en Arzúa, esta enmenda non saíu adiante polso votos do PP.

-Que motivan a urxencia desta moción na necesidade de facerlle chegar a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia un acordo deste pleno para que saiban da necesidade que ten este concello de contar con esta infraestrutura , un centro de día que facilite o coidado dos nosos maiores e a conciliación familiar e laboral.

Seguidamente o alcalde somete a votación a urxencia de tratar agora esta moción, rexeitándose dita urxencia por 10 en contra (6 AxA, 1 PSdeG-PSOE, 3 do PP) 3 votos a favor (2 BNG e1 CxG)

4. ROGOS E PREGUNTAS

Indica o alcalde que antes de que empecen os concelleiros a realizar os rogos e preguntas, vai responder as preguntas formuladas no Pleno ordinario de data 8 de novembro de 2019.

*En canto as preguntas realizadas polo Sr. Carril Ramos (do BNG):

1ª) ¿Cómo ten pensado facer este ano o alcalde a contratación da festa do queixo? ¿Vai cambiar a modalidade de contratación ou vai seguir co mesmo sistema de contratación?

-Vaise seguir coa mesma modalidade de contratación, porque é unha modalidade completamente legal, hai informes de secretaria, intervención e do servizo xurídico do Concello.

-Se o ano pasado houbo reparos de intervención foi porque xusto cando se empezou ca festa do queixo, foi cando os contratos menores se empezaron a facer tendo en conta a nova lei de contratación e houbo que preparar as plantillas.

-Estes reparos fixéronse porque non houbo tempo a rematar o procedemento en todos os casos.

2ª) ¿Empezouse a traballar sobre os orzamentos? ¿O alcalde pensa contar cos grupos da oposición para a elaboración deses orzamentos?

-En principio tiña pensado convocar unha xunta de voceiros para informar sobre o estado dos orzamentos, pero xa que Sr. Carril Ramos pregunta sobre eles, informa:

-Que agora mesmo os orzamentos atópanse cun problema con respecto o persoal do Concello e ata que se resolva non se van poder presentar.

- Que hai algún caso de traballadores, como por exemplo no servizo de mantemento un traballador foi contratado como peón e agora está desenvolvendo o traballo de condutor, polo que a secretaria e a interventora lle informaron que hai que presupuestar dobre posto de traballo para un mesmo traballador, sería prosupuestalo como peón posto para o que foi contratado e como condutor posto que está levando a cabo. Polo que hai que facer a adscripción os postos de traballo.

- Que os auxiliares administrativos ningún esta adscripto a ningún posto de traballo, e elaborar uns orzamentos do concello no que varios traballadores terían que presupuestalos de maneira dobre, sería perder cartos no apartado investimentos.

- Que se contratou unha empresa que vai levar a cabo esas adscripcións o cal non é un proceso demasiado longo, poderíao facer a secretaria ou a técnica de administración xeral pero ésta está con bastante traballo polo tema da contratación e a secretaria co tema de urbanismo.

-O departamento económico do concello xa está traballando, a oposición pode aportar as súas ideas para a elaboración do orzamento presentando as solicitudes que queiran por rexistro.

-Intentara que todo este proceso sexa o mais rápido posible para poder ter uns orzamentos canto antes.

3ª) ¿ Se non se retransmiten os plenos porque non están arranxados os problemas técnicos ou por outro motivo?

-Que hoxe os micrófonos funcionan mellor, pero haberá que investir para poñer o sistema de video acta.

Que a finais de ano os orzamentos xa están como están, hai que esperar os do vindeiro ano para incluír esa partida.

4ª) ¿Vaise facer caso os veciños/as cando fan unha reclamación razoable sobre uns

desperfectos, mal estado en pistas e lavadoiros?

-Que como dixó moitas veces o 100% das obras que se levan o POS son peticións dos veciños/as.

-Que como indica a propia pregunta, cando sexa razoable e cando haxa cartos para facelo, xa que non se pode chegar no mesmo ano a todos os sitios, ogallá se poidera así teriamos menos problemas.

*En canto as preguntas realizadas polo Sr. Rivadulla Varela (do PP):

1ª ¿Tivo o concello de Arzúa algún tipo de contacto con Naturgy, para recuperar as instalacións ou facer algunha actividade nas instalacións de Portodemouros?

-Non se tivo contacto ningún, cando se aproben os orzamentos veremos se facerse cargo diso beneficia ou non economicamente o concello.

-Hai unha idea que parte dos concellos de Vila de Cruces, Agolada, Santiso e Arzúa para poder facer algo, que aínda non está materializado, pediríase axuda as dúas deputacións de A Coruña e Pontevedra.

2ª ¿Quedou sen efecto a bolsa de mantemento cuxas bases se publicaron o 26 de marzo de 2010, porque non se publicou nada? ¿Ten algo que ver que despois houbo unha axuda de medio rural?

-Esta bolsa era para cubrir vacacións do persoal, cos temas de contratación de persoal houbo bastante apuro e priorizouse nas que dependían de subvencións da Xunta e da Deputación, as vacacións foronse cubrindo co persoal que se foi contratando.

3ª) ¿Hai inspeccións nas feiras quincenais no que se refire aos alimentos?

-Non se están facendo inspeccións porque non hai ningunha denuncia no concello con respecto a ningún problema nese sentido, aínda que nos últimos anos na festa do queixo xa non pode entrar ningún alimento que non teña rexistro sanitario.

-Respecto a feira de capóns tiveron unha reunión cos produtores, os cales se lles informou do que tiñan que cumprir segundo a lei para poder criar os polos e ter o rexistro sanitario, non estaban moi interesados e o concello por ese motivo deixou de facer promoción desa feira. Este ano hai un intento dos produtores de galiña piñeira pero non sabe como quedara ese tema.

4ª) ¿Como está a redacción do proxecto do derribo do sexto andar do edificio da praza? Segue o seu curso normal, houbo unha petición de documentación por parte da empresa adjudicataria.

Intervén a secretaria para explicar: Que a empresa presentou as actas notariais onde consta que non se lles permitiu a entrada aos domicilios.

A Sra. López Sobrado (do BNG) solicita que contén en actas as respostas dadas polo alcalde.

* O Sr. García Vázquez (CxG) fai o seguinte **ROGO**:

O acceso á autovía que pasa polo Couto esta en moi mal estado debería arranxarse e tamén poñer mais sinalización, porque ten moito tránsito xa que vai por ela xente doutros concellos que aproveita para acceder a esa zona.

* O Sr. Carril Ramos (BNG) fai os seguintes **ROGOS**:

1. No río Vello a zona do lavadoiro esta chea de madeira polo que obstaculiza o paso da auga e hai unha baranda que se puxo hai uns anos que protexe a marxe coa estrada que está rota e pode ser un perigo. Polo que pide que se limpe esa zona e se arranxe esa baranda.

2.Un cacho de beirarrúa que había en fronte O Gloman, espera que se subsanaran as deficiencias que tiña, porque non é de recibo que se faga unha obra e se lle metan as augas todas que recolle a rúa do Norte para o veciño; cando ahí xa había recollida de augas pluviais e sumidoiros. Polo que solicita que se non se se fixo o arranxo se faga.

3. Un tramo da pista de 200 m que sae do polígono e vai a San Salvador, está en moi mal estado, é urxente que se tapen os baches, porque ten bastante tránsito.

4. Que se inste as empresas que teñen apoios de tendidos eléctricos e de telefonía para que teñan uns apoios decentes, porque hai algún que están en estado perigoso, en concreto no tramo da Calexa no cruce coa Fraga do Rei, que xa caeron cascotes.

5. Que se pode unha árbore que hai na praza en fronte a xoería Alca, porque está levantando o pavimento da praza nalgúns sitios, ten grandes pólas que se estenden o longo da praza e cun temporal pode levantar o terreo que caer na praza, polo que é un perigo.

6- Que inste aos traballadores do Concello, na medida do posible a que cumpran co horario laboral e mais agora que é obrigatorio o de fichar, non piden que haxe unha fichase nin un control estricto, pero hai varios traballadores que non están a cumprir os horarios, estamos a referirnos concretamente a biblioteca, se hai uns horarios de atención o público deberíanse intentar que se cumprisen, xa que é triste que chegue a xente a porta e estea pechado.

7- Que se faga un estudo para a mellora da cobertura móbil, na zona de Dodro, Oins, San Martiño, é hora de empezar a mellorar e hai queixas do veciños.

8. Que se repoña a ponte do río que ven da zona de Sendelle que desemboca no Iso, que está entre Casaldoeiro e Castromil, que co temporal desapareceu e sería ben que se instase a Augas de Galicia ou outro organismo ou o que a arranxase o concello con medios propios.

* A Sra. López Sobrado (do BNG) formula as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- Que se expliquen os reparos de intervención e porque se está dando esta situación, porque na dacción de conta de decretos que se acaba de facer encontramos varios reparos de intervención sobre varias relacións de facturas que no total veñen a rondar o medio millón de euros, parécelles unha cantidade bastante importante para que non se dea ningunha explicación de porque se fan eses reparos, sobre todo porque o teñen falado no pleno e solicitado que se corrixa esta tónica que xa vén sendo xeral esta sucesión de irregularidades na contratación.

2. Que en relación co decreto 826/2019, correspondente o contrato menor de traballos de rebacheo camiños na rede viaria de Arzúa, que foron adxudicados por un importe de

39.472 euros a empresa Construcciones Leonardo Miguelez, SL. Solicitamos que se especifiquen eses viais onde se van a levar a cabo as actuacións ou se xa se realizaron, xa que no decreto de contratación non se especifican.

3. Solicitamos que se corrixa un erro que hai no Decreto 763/2019, o importe en número é de 91.401,02 e no texto figura novecentos un mil.

4. Que tendo en conta que na acta do Conselle de Administración da radio de data 11/04/2016 acordouse que habería un debate político en Radio Arzúa o último xoves de cada mes entre os grupos políticos da corporación.

-¿Gustaríalle saber porque non se están facendo? ¿ Se se modificou ese acordo de data 11/04/2016?, se fose así gustaríalles ter acceso a acta na que se recolle.

-¿Cando pensa facer unha reunión do Consello de Administración da radio?

-¿Por qué desde as últimas eleccións municipais , o único membro da corporación municipal que é entrevistado en Radio Arzúa é o Sr. alcalde?

5. ¿Gustaríanos saber por que non se está a cumprir coa preceptiva transparencia, tal como recolle a Lei de Contratos do Sector público? Tendo en conta que o Concello de Arzúa non publicou ningunha licitación dende o 2 de outubro na plataforma de contratación e a relación de contratos menores e inexistente, incumprindo o que marca a lexislación vixente.

6. ¿Cando se vai actualizar a páxina web do Concello? Tendo en conta que pasaron sete mees das eleccións municipais, nin sequera se publicou a nova corporación municipal e hai espazos na web que levan anos en construción polo que respecta a radio arzua, composición Xunta de Goberno Local entre outros. As actas plenarias que son de obrigada publicación levan sen colgarse dende o 01/03/2019.

7. Que tendo en conta que no pasado pleno ordinario o Sr. alcalde a unha pregunta que realizou o BNG relativa o estado de tramitación das obras para o saneamento na parroquia de Castañeda, manifestou textualmente segundo recolle a acta do pleno de novembro “que o procedemento está rematado, falta un informe da interventora, e nas vindeiras semanas rematase a compra das fincas, irase o notario e o rexistro e logo empezaremos o procedemento da contratación da obra”.

-¿Está concluído o trámite de adquisición dos terreos para a instalación da depuradora, se é así en que data se concluíu?

-¿Cando se van sacar a licitación as obras?

8. En relación coas obras que o alcalde anunciou na radio que se van realizar na rúa Fraga do Rei.

-¿Cando se van sacar a licitación?

-¿Cando se van a informar os vecinos/as que viven nesa rúa como vai ser o proxecto que se vai desenvolver?

9. En relación coa contestación de tráfico que o alcalde explicou no pasado pleno, dicindo o que faltaba para proceder a instalación de semáforos no cruce para paliar os problemas de densidade de tráfico que padece Arzúa dende a apertura do tramo da A 54.

- ¿Chegou a contestación de tráfico e cando se van instalar eses semáforos?

10. Tendo en conta a resposta do alcalde a pregunta do BNG sobre a modificación do Plan Xeral do núcleo de San Salvador a Igrexa, a cal respostou que a proposta está

rematada e que só falta que a secretaria lle vote un vistazo e se traerá a algún dos plenos que quedan.

-¿Xa se lle votou o vistazo?

- ¿Cando se pensa traer este tema o Pleno?

11. Antes das pasadas eleccións municipais o Sr. alcalde anunciou a bombo e platillo a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, dicindo que os propietarios de fincas e terreos poderían solicitar cambiar a clasificación de solo rústico de protección agropecuaria a solo rústico de protección forestal, tendo en conta que desde o mes de xuño de 2018 que se anunciou a apertura deste proceso xa pasou mais de ano e medio queren saber:

-¿En que fase se atopa esta modificación puntual?

-¿Cantas solicitudes houbo? ¿Cando se prevé a súa conclusión?

12. En relación coas obras do parque infantil, que no pleno do pasado mes de novembro o alcalde informou que se estaban elaborando os pregos para sacar a contratación, gustaríanos saber se dous meses despois de dar esta explicación:

¿Remataronse eses pregos? ¿Cando se vai a sacar esta obra a licitación?

13. Con data 29 de agosto de 2019 o grupo municipal do BNG rexistrou unha solicitude pedindo o acceso a todos os expedientes relacionados coas licenzas urbanísticas dos anos 2018 e 2019. A día de hoxe o único que se nos facilitou e un resumo nominal das licenzas resoltas ata o pasado mes de novembro, tendo en conta que este non era o obxecto da súa solicitude como manifestaron en varias ocasións que viñeron o concello para poder exercer o seu dereito de acceso a esta documentación. Tendo en conta que en ningún momento, e xa pasaron mais de 5 meses, houbo ningunha resposta motivada para a súa denegación.

-¿Cando imos poder ter acceso a esa documentación sobre as licenzas urbanísticas?

14. En repetidas ocasións por parte do BNG estamos manifestando a necesidade de cumprir coa lexislación vixente, en concreto co que sinala o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais no seu artigo 113. B, no que atinxe as actas da Xunta de Goberno Local, o cal indica que no prazo de 10 días a celebración da sesión debe enviarse a todos os membros da corporación a copia da acta. O noso grupo entreganselle aleatoriamente e fóra do prazo establecido.

s¿Tense pensado correxir esta situación?

15.¿Por qué desde que comezou este mandato municipal asistimos permanentemente a un incumprimento das datas acordadas das sesión plenarias? ¿Por qué o que se contempla na acta de organización como algo excepcional se está a converter en habitual, como é modificar as datas do pleno sen dar explicación e non cumprindo co que se acordou no Pleno de organización?

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) formula os seguintes **ROGOS**:

1. Este e o terceiro pleno ordinario no cal volve a repetir este tema, un tema que lle parece moi grave, o tema das licenzas en Arzúa, cos números chegalle para saber como está o concello; no ano 2017 concedéronse 73 licenzas, no 2018 concedéronse 99 licenzas e no 2019 concedéronse 5 licenzas.

Diciá o alcalde en radio Arzúa con motivo das eleccións municipais que cando nós iamos as parroquias a falar cos veciños era un punto no que incidiamos moito, realmente nos falabamos dunha paralización e o alcalde matizaba que era un proceso de transformación. Pasa todos os días por diante do concello e esta exactamente igual, parece un tema grave.

Dicián os compañeiros do BNG que cando propoñían un pleno extraordinario polo tema da auga, aquí en Arzúa perderonse millóns de euros de investimento, oportunidades de traballo e iso é motivo máis que suficiente para que o alcalde convoque un pleno extraordinario.

Metimos unha queixa no Valedor do Pobo, porque esta situación e unha negligencia, non é posible calcular canto investimento se perdeu en Arzúa, porque en moitos casos son negocios, pagos de taxas que se deixaron de cobrar, hai moitas empresas en Arzúa que podían estar facendo obras e moitos traballadores que podían estar traballando, porque hai persoas que están esperando por esas licenzas.

A situación é grave, non é por temas de transformación, a lei de contratos do sector público xa está en vigor dende marzo de 2018, a lei 39/2015 está en vigor dende outubro de 2017 e estamos no ano 2020.

Polo que Roga que no tema das licenzas se lle dea un empuxón na medida do posible, porque o a normativa non é unha excusa.

2.Solicitamos que urxentemente que se convoque o consello de administración da radio, queremos participar na radio, dixerásenos que se ía realizar unha reunión, houbo eleccións en maio e estamos en xaneiro de 2020 e ninguén nos chamou.

3.Pedimos que se faga un estudo para saber as necesidades reais dun Centro de día, xa falamos do tema cando fixo unha visita o representante provincial da Xunta de Galicia, é unha cuestión que levamos todos os partidos políticos no programa, pero como require dun forte orzamento non é cuestión de deixar outras partidas sen cartos, e logo que non pase como noutros concellos que esas instalacións estean paradas ou infrautilizadas, co gasto que supón iso para as arcas municipais, antes de facer nada sería convinte facer un estudo ver a demanda real e partir de aí intentar facer algo e solicitar axudas a quen corresponda.

4.Respecto o tema da auga non se soubo o que pasou, eles fixeron as súas indagacións pero resposta oficial non hai, se realmente as instalacións que hai hoxe en día requiren dun reforzo, pois gustaríanos que o concello se movese e solicitase ese reforzo. No tema da captación hai aspectos que se poden mellorar así como no resto da rede.

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) realiza as seguintes preguntas:

1.Con respecto os decretos dos que se dou conta, hai un posto dun traballador que se xubila. ¿cando se vai sacar a convocatoria? ¿está establecido ou non o prazo?.

2.Tamén hai unha compra de parcelas en Figueiroa por un prezo moi baixo, e non se especifica no decreto a que se van adicar esas fincas. ¿Gustaríalle saber a que se van adicar?

3. Gustaríanos saber se é verdade o que nos di telefónica de que a comezos do ano 2019 había posibilidade de traer internet por cable o núcleo urbano e non se solicitou. Esta aberto o prazo para solicitar axudas para a instalación de antenas de telefonía para dar cobertura as parroquias, a Xunta comprometése a pagar ata 30.000 sempre e cando o concello poña o terreo e pague a acometida eléctrica das antenas. ¿Solicitouse dita axuda?

4.- A finca que se comprou en Castañada vai ir destinada para a instalación da depuradora ¿Pagouse ao propietario de dita finca?

Deseguido intervén o alcalde para manifestar:

-Que contestará as preguntas no vindeiro Pleno

-Que con respecto o que comentou a Sra. López Sobrado (do BNG) sobre os reparos que aparecen nas facturas que a Sra. López Sobrado di que é tan elevado, que mire as que son de contratos que están vencidos a día de hoxe, por exemplo telefonía, electricidade que non son contratos menores. Que matice ben cales son os contratos menores ,porque acaba de explicar porque algunhas das facturas da festa do Queixo teñen reparo é polo cambio da Lei de contratos.

-Que coa nova lei houbo que mirar os procedemento e uns dos primeiros contratos que houbo que facer co novo procedemento foron os da festado queixo.

-Con respecto o que indica o Sr. Rivadulla Varela sobre as licenzas xa o explicou, a secretaria estivo moi ocupada co tema de administración electrónica e contratación, co cal fixo un moi bo traballo.

-Que cando pidan o número de licenzas que se deron pide tamén as que teñen algún tipo de requirimento, porque se os técnicos fixeran ben o seu traballo a licenza poderíase dar a primeira, pero maioritariamente teñen informes técnicos e xurídicos en contra, porque os técnicos saben perfectamente facer o seu traballo pero fanno a ver se cola.

-Que quería matizar estas dúas cousas, porque non toda a responsabilidade é súa.

Ás 21:31horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--------------------------------------	---



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

de